



Revolución dixital, transición ambiental e progreso na Xornada “Novos tempos, grandes oportunidades”

Xornada tecnolóxica R: Josep Piqué e expertos do sector analizan riscos e oportunidades das novas tecnoloxías

- *O economista e conferenciante internacional Josep Piqué compartiu con voces autóctonas relevantes do sector a súa visión sobre a necesaria adaptación das empresas á nova conxuntura e asegurou que “estamos a vivir unha auténtica revolución”.*
- *Piqué asegurou que a situación xeopolítica mundial determina o que está a ocorrer na contorna tecnolóxica: o afán por controlar a tecnoloxía responde ao afán polo control militar.*
- *Reivindicou tamén a dixitalización como elemento imprescindible para sobrevivir en calquera ecosistema empresarial a día de hoxe e sinalou a necesidade da colaboración público-privada e das alianzas estratéxicas para progresar na conxuntura actual.*
- *Na mesa profesional participaron R, Abanca, Parfois, Greenalia e o IGAPE para reflexionar sobre “Éxito, retos e oportunidades da situación actual”.*
- *Responsables de VEGALSA e CLUN explicaron casos de éxito nos seus respectivos procesos de dixitalización.*
- *Alfredo Ramos, director de R, presentou o evento e asegurou que todo proceso de dixitalización debe ter un porqué orientado en todo caso a achegar valor, acurtar procesos e satisfacer ao/ á cliente/a.*
- *Isidro Fernández de la Calle, director de empresas de R, destacou o momento histórico que vive o operador galego, que cobre xa con 5G o 50 % de Galicia e lidera, no Grupo MASMOVIL, a expansión no mercado de empresas de todo o Estado*

Xoves, 28 de outubro de 2021.- Revelar riscos, retos e oportunidades do mundo empresarial e da sociedade no seu conxunto para progresar co respaldo das novas tecnoloxías na conxuntura actual. Este obxectivo marcou o devir da Xornada Tecnolóxica R de 2021, evento de referencia do sector TIC en Galicia que esta mañá, baixo o título “*Novos tempos, grandes oportunidades*”, se desenvolveu presencialmente na Finca Montesqueiro, no concello coruñés

de Oleiros e, en paralelo, no auditorio do edificio virtual de **R** e do Grupo Euskaltel “The Tech Experience” <https://xornadastecnoloxicasr.mundo-r.com/>

Alfredo Ramos, director de **R**, presentou a Xornada ante un auditorio de preto de 120 representantes empresariais e institucionais, co foco posto nesas grandes oportunidades dos novos tempos: *“En **R**, explicou, iniciamos unha nova etapa chea de posibilidades e non perdemos o foco do/da cliente/a, que está a cambiar a súa maneira de consumir” (...)* *A dixitalización ten que ter sempre un porqué; trátase de mellorar o modelo de relación cos clientes e os procesos de toma de decisións, de empoderar os empregados, achegar valor e aumentar a produtividade e a competitividade”.*

Liderando o momento compartido con grandes profesionais e empresarios da comunidade galega, **Josep Piqué**, experto convidado este ano en calidade de economista, conferenciante internacional en dirección de empresas e conselleiro delegado de diversas compañías tecnolóxicas.

“Estamos a vivir unha auténtica revolución”

Esta é a primeira idea que Josep Piqué puxo esta mañá sobre a mesa de debate, incidindo na necesidade de *“deternos en dúas grandes transformacións: a dixital e a ecolóxica”*. Comezou o seu relato Piqué facendo unha profunda reflexión sobre o **actual escenario xeopolítico**, consecuencia da orde mundial xestada despois da Segunda Guerra Mundial. *“Tras décadas nas que o planeta se mantivo dividido en dous grandes bloques, actualmente China eríxese como gran potencia e adversaria sistémica dos Estados Unidos. E ambas disputan as novas tecnoloxías porque, a día de hoxe, a superioridade tecnolóxica é a superioridade militar”.*

Dende o punto de vista económico, e en alusión directa ás consecuencias da pandemia, Piqué referiuse ao desaxuste entre a oferta e a demanda, e á diminución da produción en moitos sectores, o que esixe solucións que, en gran parte, poden ofrecer os fondos *Next Generation* sempre que se conciban coa finalidade de investir e financiar o noso futuro. *“Temos que aproveitálos para cambiar o noso sistema produtivo porque non son un maná caído do ceo”.* Piqué destacou tamén a importancia estratéxica para as empresas e para os países de **investir en tecnoloxía** e o papel clave da **colaboración público-privada** para conseguir a dixitalización de compañías e administracións e non quedar atrás.

Asegurou, así mesmo, que a **incidencia da tecnoloxía é total** na evolución do escenario global dende o punto de vista xeopolítico, como así sucedeu sempre ao longo da historia. Analizou de que maneira a tecnoloxía está a repercutir no panorama xeopolítico dun mundo globalizado, onde **a dixitalización xa non é unha opción** senón unha realidade necesaria para permanecer no mercado; e as persoas **responsables da empresa** deben asumir o reto e transmitir esta cultura ao conxunto da organización.

“Ou somos dixitais ou o mercado vainos triturar”, asegurou Josep Piqué. Por iso, hai que adaptar os procesos e produtos a tecnoloxías como a Intelixencia Artificial ou á utilización de redes de transmisión como o 5G. *“Cando falamos de dixitalización, falamos da nova materia prima, dun novo petróleo, que son **os datos**. A xestión dos datos converteuse en fundamental”*, asegurou.

Ao tempo, Piqué chamou a atención sobre os riscos asociados ás tecnoloxías dixitais: preocupación pola privacidade e xestión dos datos, ética sobre a súa propiedade ou ciberataques. E tampouco esqueceu o conferenciante a súa referencia detida á necesidade de que as empresas sexan **empresas sustentables** e respectuosas co medio ambiente a todos os niveis. *“Os gases de efecto invernadoiro non teñen fronteiras”*, asegurou. Por iso, tamén neste campo, como no económico e o tecnolóxico, é imprescindible xerar alianzas con provedores estratéxicos.

Os grandes desafíos da conxuntura actual

Josep Piqué uniuse igualmente á mesa profesional “*Éxito, retos e oportunidades da situación actual*”, moderada por Xosé Luis Vilela, director de La Voz de Galicia, onde Isidro Fernández de la Calle, director de empresas de **R**, puxo o acento na importancia das alianzas estratéxicas: “*En R somos conscientes de estar a vivir un momento excepcional e unha grande oportunidade. A pandemia acelerouno todo pero en R estabamos moi ben preparados e podemos acompañar moitas empresas en Galicia e no Norte de España. Imos liderar o mercado de empresas a nivel estatal para o Grupo MASMOVIL no que nos integramos recentemente. E grazas a iso somos, xa, tamén, operador de móbil con rede propia e unha rede de fibra que cobre 26 millóns de inmobles en todo o país*”.

Fernández de la Calle referiuse, ademais, ao 5G, como outro dos grandes fitos conseguidos e detallou que “*R xa cobre actualmente o 50 % de Galicia con esta tecnoloxía e o obxectivo é acadar o 70 % a peche de ano*”.

Pola súa banda Eduardo Aldao, Director de Innovación de Abanca explicou que a entidade bancaria conseguiu, durante a pandemia “*responder e manter a continuidade do negocio grazas, entre outras cousas, ás alianzas con provedores e empresas e ao traballo previo de dixitalización que xa tiñamos avanzados antes da crise*”. Aldao puntualizou que na fase actual é necesario seguir traballando baixo as premisas da “*axilidade e a aposta por procesos dixitais e de IA a todos os niveis xunto a doses de resiliencia e capacidade de adaptarnos con flexibilidade aos cambios*”.

Sobre o rastro dixital e a transcendencia do dato como activo clave nas empresas dentro das súas estratexias de dixitalización e transformación, Juan Redondo, responsable de Transformación Dixital de PARFOIS asegurou que é esencial a alianza con provedores de confianza: “*No noso caso iniciamos ese camiño con R e atopámonos cun provedor que nos está a acompañar no noso proceso para crear unha experiencia de usuario que achegue valor*” (...) *A xestión do dato esixe un esforzo e esixe tempo. E queremos transmitir a todas as áreas da empresa, de maneira transversal, esta maneira de tomar decisións co dato como activo clave e as vantaxes que a Intelixencia Artificial nos ofrece. Mais a IA debe ir sempre unida a unha estratexia de compañía*”.

O Director da área de Competitividade do IGAPE, Norberto Penedo, asegurou que a resposta das empresas á revolución 4.0 “*foi moi boa dende sempre e o IGAPE tentou acompañalas con axudas para que moitas delas comezasen a camiñar*”. Coa crise, segundo explicou Penedo, a entidade seguiu nesta liña, con investimentos e apoios para superar o momento. A resposta, dixo, “*aínda é algo reducida, sobre todo no caso das empresas pequenas, mais os novos fondos poden cambiar moitas cousas e van esixir talento porque con intelixencia artificial mais sen intelixencia humana non imos a ningunha parte*”.

Sobre a sostibilidade das empresas na contorna actual, Beatriz Mato, Directora de Desenvolvemento Corporativo e Sostibilidade de *Greenalia* falou da concienciación imprescindible no desenvolvemento de empresas sustentables; entre outras cousas, incorporando as enerxías renovables aos seus procesos. Beatriz Mato asegurou que “*estamos ante unha necesaria, mesmo obrigada modernización que nos leva a unha nova revolución industrial, con máis tecnoloxía, máis Innovación, máis dixitalización, máis enerxía verde e máis economía circular*”. Mato realizou un balance positivo do comportamento de moitos sectores e da sociedade en xeral durante a pandemia e relatou que *Greenalia* tamén soubo reaccionar nos momentos máis críticos e agora segue a traballar en temas tan perentorios como a redución dos gases efecto invernadoiro. “*É imprescindible facelo, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) como referentes, porque a sostibilidade nos afecta a todos/as e a todo o que facemos. A industria debe aliarse cos provedores de enerxía sustentable para avanzar*”.

Experiencias transformadoras: VEGALSA e CLUN

A Xornada pechouse coa intervención dos portavoces de VEGALSA e CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas), que explicaron os seus respectivos casos de éxito nos seus procesos de dixitalización empresarial.

Alberto Iglesias, responsable de ‘pricing’ de VEGALSA explicou que en Vegalsa-Eroski se atopan *“en proceso de transformación dixital, convertendo toda a nosa contorna empresarial en datos susceptibles de ser analizados e explotados. Os datos convertéronse no novo petróleo, son xa un dos activos máis importantes na economía mundial.*

Por iso, estamos a transformarnos nunha organización ‘data driven’, onde as decisións estratéxicas se basean na análise dos datos para satisfacer mellor os nosos clientes”.

Javier Cabana, director de TI de CLUN incidiu en que, dende a súa formación como cooperativa agroalimentaria, souberon que a panca para optimizar a eficiencia da cadea de valor do negocio (dende a produción á distribución) sería, sen dúbida, a dixitalización. Por iso apostaron por *“unha infraestrutura de redes e datos que dean resposta ás necesidades de negocio, unha arquitectura de software escalable no tempo e mesmo por facilitar ferramentas de decisión aos socios”.*

comunicación R
prensa@mun-do-r.net
R.gal